

COMUNICADO Nº 024/21
18 DE FEBREIRO DE 2021

□ O “CONSEJO SUPERIOR DE DEPORTES” DESTINARÁ FONDOS EUROPEOS A COMBATILA DESPOBOACIÓN:

A Presidenta do “Consejo Superior de Deportes”(CSD), Dona Irene Lozano, asegurou que o deporte e as políticas deportivas, poden e van ser clave na loita contra o fenómeno da despoboación, tras manter entrevista co Secretario Xeral Para o Reto Demográfico, don Francisco Boya.

Lozano e Boya abordaron de forma conxunta a capacidade das políticas públicas deportivas para facer fronte a despoboación, dentro da ronda de reunións que a Secretaría do Estado mantén para explicalas liñas dos fondos europeos que xestionará o CSD e que suman **cincuenta millóns de euros para a tempada do 2021**.

Dende o “Consejo Superior de Deportes” comprométese co progreso de tódolos territorios de España, independentemente onde estean situados, do seu tamaño ou do seu número de habitantes.

Varios Concellos de Galicia están interesados en solicitar instalacións deportivas para o motor, algunha con proxecto, que fai movela ilusión para cumprilas necesidades de instalacións moi necesarias para a práctica do automobilismo con garantías de seguridade dos deportes do motor.

O “Consejo Superior de Deportes” recordou que este ano, grazas aos fondos do Plan de Recuperación da Unión Europea, xestionará un total de 13,4 millóns de euros no capítulo adicado a transición ecolóxica e reto demográfico, ademais de 17,8 millóns para dixitalización, 7,5 millóns para internalización, e 11,7 millóns para promocionala igualdade no deporte.

Eses máis de 13 millóns de euros adicanse a promocionala actividade física e a saúde en zoas despoboadas, a fomentalo turismo deportivo sostible e asociado o deporte na natureza, ao aire libre, ou a modernizar e adecuar infraestruturas deportivas, entre outros capítulos, indicou que o “Consejo Superior de Deportes” tamén apuntou que a transición ecolóxica e o reto demográfico seguirán tendo un papel prioritario nos presupostos do CSD tanto no 2022 como no 2023, precisamente a través dos Fondos Europeos.

□ PARA VELOS CIRCUÍTOS DE KARTING, AUTOCROSS, E RALLYCROSS PINCHA ENRIBA.

